

1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Por resolución de 7 de Abril de 2016, de la Axencia Galega de Infraestructuras de la Xunta de Galicia se inició la tramitación del expediente de contratación para la adjudicación de los trabajos de " *Itinerario peonil e ciclista na AC-429. Treito Neaño-Cabana*" con Clave AC/16/053.06.

Por resolución del 19 de Abril de 2016, la Axencia Galega de Infraestructuras adjudicó a Diseños Estruturais e Viarios, S.L. la realización de dicho trabajo, quedando formalizado el contrato con la misma fecha.

2. ANTECEDENTES TÉCNICOS

Para garantizar el cumplimiento del Objetivo Temático Específico 04.05.01 del programa Operativo FEDER 14-20 de la Unión Europea europeo: «*Fomento de la movilidad urbana sustentable: transporte limpio, transporte colectivo, conexión urbana-rural, mejoras en la red viaria, transporte ciclista, peatonal, movilidad eléctrica y desarrollo de sistemas de suministro de energías limpias*»; y con base en el documento «*Estrategia en materia de Movilidad Alternativa de Galicia*», la Xunta de Galicia puso en marcha un programa de ejecución de sendas peatonales y ciclistas a nivel local. El presente proyecto tiene como finalidad el desarrollo completo de una solución óptima para el cumplimiento de los mencionados objetivos, con la creación de un itinerario peatonal y ciclista entre los PPKK 2+176 y 3+740 de la carretera AC-429 Ponteceso (AC-424) – Laxe, siguiendo las indicaciones de las órdenes circulares 3/2016 y 4/2016, relativas a los criterios de diseño de las actuaciones contempladas en la Estrategia en materia de Movilidad Alternativa de Galicia.

En consecuencia con lo anterior, el presente proyecto de construcción tiene como finalidad definir y desarrollar las distintas unidades de obra, precisas para poder llevar a cabo las obras correspondientes a las necesidades descritas, definiéndolas completamente en la memoria, planos, pliego de prescripciones técnicas particulares y presupuesto, documentos que integran este proyecto.

Se adjunta en el apéndice nº1 la orden de estudio.

APÉNDICE 1. ORDEN DE ESTUDIO



ORDE DE ESTUDO

A Axencia Galega de Infraestruturas ven de detectar a necesidade de realizar diversas actuacións encamiñadas ao fomento da mobilidade sostible na estrada AC-429, e ao incremento da seguridade viaria da zona, entre os P.Q. 2+580- 2+920, no Concello de Cabana de Bergantiños; o que aconsella a redacción dun proxecto para o seu estudo e valoración.

Á vista de todo o anterior, PROPOÑO:

- 1 Que baixo a dirección da Área de Planificación e Programación desta Axencia Galega de Infraestruturas, sexa redactado o seguinte estudo:

Tipo de estudo: Proxecto de construción

Actuación: Itinerario peonil e ciclista na AC-429. Treito Neaño – Cabana

Clave: AC/16/053.06

Programa: .10 Fomento da mobilidade sostible

Subprograma: 5.1 Itinerarios peonís e ciclistas

Situación: Concello de Cabana de Bergantiños (A Coruña)

Clase de estrada: Estrada convencional

Obxecto do estudo: Desenvolvemento completo da solución óptima, co detalle suficiente para facer factible os obxectivos definidos, e posterior información pública, de ser necesaria.

Contido do estudo: O indicado para os do seu tipo nas Instrucións para a Redacción de Proxectos da Axencia Galega de Infraestruturas.

Descrición da actuación:

Executarase unha senda mixta destinada ao tráfico peonil e/ou ciclista lindante coa estrada AC-429, preferentemente na súa zona de dominio público, entre os P.Q. 2+580- 2+920, no Concello de Cabana de Bergantiños.

A senda executarase, preferentemente, por unha das marxes da estrada e será o redactor do proxecto o que valorará e encaixará a dita actuación pola marxe que presente as condicións máis favorables.

Considerarase tamén a execución e reposición da rede de drenaxe no treito considerado, no caso de ser necesario.

Outras instrucións particulares:

- O proxecto redactado deberá:
 - Adaptarse na súa solución construtiva ao documento redactado dende esta Axencia Galega de Infraestruturas de título "Creación dunha imaxe estética e corporativa en relación ás actuacións recollidas na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia", que se lle proporcionará ao adxudicatario.
 - Ter en conta as prescricións e condicionantes recollidos no prego que rexeu a licitación da actuación "Fomento para a mobilidade sostible: sendas peonís e/ou ciclistas na Comarca de Bergantiños", de clave AC/14/061.06.



- Manterase a coordinación adecuada con outros centros directivos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Deputación Provincial da Coruña, co Concello de Cabana de Bergantiños, e co resto de entidades e organismo que se puideran ver afectados ou que puidesen aportar datos de interese para a redacción do estudo.
 - Estudarse con detalle a reposición de camiños, vías pecuarias, accesos, servidumes e servizos que resulten afectados, incluíndo no estudo as actuacións que se estimen necesarias para a súa correcta reposición.
 - Ademais da redacción dos documentos referidos baixo o concepto de "tipo de estudo" na presente orde, será preciso redactar unha Ficha Descritiva do/s proxecto/s, que se elaborará segundo o modelo recollido no anexo I á presente orde de estudo. Esta ficha descritiva será elaborada polo redactor do proxecto unha vez que o dito proxecto sexa supervisado e estea aprobado, de xeito que se recollan os cambios pertinentes; será revisada polo director do mesmo e deberá ser remitida ao Servizo de Proxectos da Axencia Galega de Infraestruturas en formato aberto e mediante correo electrónico á seguinte dirección: luisa.mahia.rivas@xunta.es. A súa presentación será requisito imprescindible para a facultade de emisión e cobro da certificación final do proxecto.
- 2 Que o antedito proxecto, unha vez redactado, sexa remitido dende o Servizo de Proxectos ao Servizo de Supervisión de Proxectos da Área de Planificación e Programación para a súa supervisión, e se realice a suspensión temporal do contrato durante o período de tempo no que o proxecto se atope en supervisión.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2016

O xefe da Área de Planificación e Programación


Carlos Lefler Gullón

APROBADO
O director da Axencia Galega de Infraestruturas


Francisco Menéndez Iglesias

ANEXO I: FICHA DESCRIPTIVA DO PROXECTO

O seu contido será como mínimo o seguinte:

1. *Obxecto da actuación*
Definición do obxecto da actuación contemplada no proxecto. Deberá indicar as estradas e treitos nos que se actúa, e as melloras que se acadarán coa execución das obras.
2. *Plan de Estradas*
Texto a definir por parte da Administración.
3. *Descrición da actuación*
Resumo das obras a executar coa descrición dos traballos que comprenden. Con carácter xeral, recollerase o mesmo texto ou un resumo do apartado do proxecto do mesmo título, que deberá relacionar de xeito claro as principais tarefas a desenvolver, destacando as singularidades que poida haber e os condicionantes atopados para a selección da solución definitiva.
4. *Características técnicas*
Resumo dos datos técnicos representativos das obras.
Destacarase as posibles peculiaridades por tramos.
5. *Principais unidades de obra*
Identificación das unidades de obras máis importantes que conforman o presuposto do proxecto.
6. *Poboación servida*
Desglose por concellos da poboación servida. Para cada concello incluírase o total da poboación do concello en cuestión (consulta no INE segundo o derradeiro censo existente).
7. *Concellos afectados*
Relación dos Concellos nos que se desenvolve a actuación.
8. *Expropiacións*
Fincas afectadas: definir o número de fincas afectadas e identificadas no expediente expropiatorio relacionado coa actuación.
Orzamentos de expropiación: cantidade (€) destinada á realización das expropiacións necesarias para a execución da obra segundo o definido no proxecto. Diferenciarase entre a cantidade expropiatoria de *bens* e a destinada a *terreos*.
No caso de que as actuacións recollidas no proxecto se realicen totalmente dentro do dominio público da estrada, deberase incluír o seguinte parágrafo: "As actuacións previstas neste proxecto non implican a realización de expropiación algunha, xa que todas as actuacións que se executen están incluídas dentro da franxa de dominio público da estrada".
9. *Prazo*
Prazo de execución da obra expresado segundo o recollido no proxecto (anos, meses, semanas, etc.).
10. *Orzamentos*
Orzamento base de licitación (IVE 21%) (€)
Orzamento total de Expropiacións (€)
Orzamento de Servizos afectados (€)
Orzamento para control e seguimento ambiental (€)
Orzamento para control e seguimento arqueolóxico (€)
Orzamento para Coñecemento da Administración (€)
11. *Orzamentos por Concellos e estrada*
Desglose do orzamento total por cada estrada, no seu caso, e por Concello no que se actúa e porcentaxe, respecto do orzamento total de inversión en cada termo municipal.

No caso de actuacións especiais (con especificacións fóra do ordinario, con procesos construtivos complexos ou salientables, etc.), respecto das cales o director do proxecto considere preciso salientar determinados aspectos non encadrables nos puntos definidos anteriormente, poderanse engadir novos campos á ficha, sempre a criterio do director do proxecto.

Deberase tamén, incluír un plano xeral no que se identifique a zona de desenvolvemento das actuacións e outro plano de detalle, a maior escala. Incorporarase ademais unha sección tipo das obras proxectadas.